



Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, se poderá interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Galicia.

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL

Esta Ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 2 e 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

ARTIGO 2. OBXECTO

O obxecto desta Ordenanza é a regulación do Réxime Xurídico do outorgamento de axudas para fomento da natalidade nesta localidade.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nesta Ordenanza:

— Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que teñan fillos, e os adoptantes de nenos ata 2 anos, domiciliados e que teñan residencia efectiva no Concello de Campo Lameiro cunha antelación mínima ao momento de nacemento ou adopción de 2 anos.

Ademais, para poder obter a condición de beneficiarios/as, ambos os dous proxenitores deberán cumplir as obrigas que se recollen na presente Ordenanza

ARTIGO 4. REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE A SUBVENCIÓN

1. Dará lugar ao recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior.

2. Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que residan no Municipio con carácter efectivo e acreditados neste Municipio con polo menos 2 anos ambos os dous proxenitores, no caso de casados ou parellas de feito; o adoptante, ou, no caso de familias monoparentais, o pai ou a nai. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e convivencia.

Así mesmo, deberán constar como empadroados e residentes no momento do pagamento das axudas.

3. Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiarias sinaladas no apartado anterior continúen residindo no Municipio e que, en todo caso, o recién nacido fose empadroado por primeira vez no mesmo Municipio e domicilio que os beneficiarios. En caso de adopción, que no prazo dun mes a contar da Resolución Xudicial sexa inscrito no Padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante. Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar.

ARTIGO 5. CONTÍA DAS AXUDAS E PROCEDEMENTO

1. Importe

O Concello anualmente no seu Presuposto destinará a cantidade global a conceder por axudas á natalidade, importe que será o límite das axudas a recoñecer.

As obrigas que como máximo pode contraer o Concello en cada exercicio presupostario por aplicación da presente Ordenanza terán o límite da consignación presupostaria habilitada ao efecto.



No caso de que polo número de solicitudes formuladas non sexa suficiente a partida presupostaria habilitada ao efecto, o concello poderá proceder á redución proporcional das axudas ata o importe daquela; ou á ampliación da devandita partida presupostaria.

Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice será obxecto dunha axuda. No caso de partos múltiples, terase dereito a obter un 40% adicional por un segundo, e un 20% por seguintes fillos. En caso de adopción de máis dunha persoa, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

As contías de subvención serán as seguintes:

Axudas por fillo nacido/adoptado..... 500 Euros.

As axudas repartiranse do seguinte xeito:

O ano da concesión da subvención..... 50% da subvención.

O ano seguinte 50% restante ata completar a axuda.

2. Procedemento

1.—A solicitude de subvención irá subscrita por ambos os dous proxenitores ou adoptantes, e irá acompañada da seguinte documentación:

— Certificado de nacemento do recén nacido expedido polo Rexistro Civil correspondente no caso de nacementos.

— Copia da Resolución Xudicial no caso de adopciós.

— Certificado de empadroamento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Municipio durante polo menos os últimos 2 anos, así como de convivencia dos beneficiarios co recén nacido ou co adoptado. Indicarase a data de empadroamento do recén nacido e causa de inscrición.

— Acreditar con anterioridade ao cobramento da subvención, e mediante certificación das administracións correspondentes estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como das obrigas de calquera tipo co Concello de Campo Lameiro.

— Conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

Unha vez cumprimentado o expediente, e tras avaliar os informes que procedan, pasará a informe polo pleno. O recoñecemento da subvención corresponderá ao Pleno. Poderá condicionarse aquel ao feito consistente en que proxenitores e recén nacidos se atopen antes do abono da subvención ao corrente no cumplimento de calquera obriga coa Facenda Local do Concello. Tamén poderá establecerse con carácter previo ao pagamento a concorrencia de calquera outra circunstancia que teña como obxectivo garantir o cumplimento das condicións establecidas nesta Ordenanza para o recoñecemento da subvención, e evitar calquera tipo de fraude ou abuso.

O Concello poderá acordar o fraccionamento ou o aprazamento do pagamento de cada anualidade ata doce meses despois do recoñecemento.

En ningún caso poderá concederse subvención se o/a solicitante non cumpre os requisitos e obrigas previstos na presente Ordenanza, podendo en todo caso optar a esta, se atende aos devanditos cumplimentos no prazo que o Concello lle conceda ao efecto.

2.—As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro Xeral durante o mes de xaneiro de cada ano polos nacementos ou adopciós que tivesen lugar no ano natural anterior.

3.—Completada a documentación, unha vez expirado o prazo outorgado ao efecto polos Servizos Municipais, comprobaranse os datos e, informado o asunto pola Alcaldía, elevarase proposta ao Pleno que aprobará o expediente e as contías individualizadas correspondentes, dito Acordo será notificado aos solicitantes.

4.—Adoptado o Acordo polo Pleno, abonarase aos beneficiarios o importe resultante no prazo que se estableza no propio Acordo plenario.



ARTIGO 6. RESPONSABILIDADES

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta Ordenanza ou calquera falsidade na información ou documentación facilitada, levará consigo a obriga de reintegrar as cantidades aboadas, así como a imposición dunha multa por valor equivalente ao dobre da subvención que foise aboada ata o momento da constatación de tales circunstancias por parte do Concello.

Para a imposición da multa tramitarase o expediente administrativo que corresponda, dándose audiencia, en todo caso, aos/as interesados/ás.

ARTIGO 7. COMPATIBILIDADES

As axudas serán compatibles coas axudas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, ou da Comunidade Autónoma.

ARTIGO 9. RÉXIME XURÍDICO

A Normativa que regula a concesión de axudas á natalidade é a propia Ordenanza. Para o non previsto nesta, se terá presente ia Normativa administrativa reguladora de réxime local, no seu defecto, de carácter xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Terase dereito a percibir a correspondente axuda por aqueles nacementos ou adopcións que teñan lugar a partir do 1 de xaneiro de 2012.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día un de xaneiro de dous mil doce, e permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CONCESIÓN LICENZA PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIOS

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a creación, regulación e imposición de taxa da expedición da licenza de primeira ocupación, conforme ao disposto no artigo 21 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e a Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Establécese a obriga de solicitar e obter a licenza municipal para a primeira ocupación ou utilización das edificacións, unha vez rematada a súa construcción, reforma ou rehabilitación.

3. A licenza de primeira ocupación terá por obxecto a verificación da adecuación das obras á licenza municipal concedida, permisos e condicións particulares establecidas, ao cumprimento de obrigas derivadas da devandita licenza e ao restablecemento e conservación da vía pública.

4. A licenza de primeira ocupación esixirase a todas as obras de nova planta, así como calquera outras unidades edificatorias e locais resultantes de obras de reforma parcial ou xeral, consolidación ou restauración, nas que houbera alteración do uso ao que se destinan ou modificacións na intensidade dos devanditos usos tales como o incremento do número de vivendas nos edificios, transformación en vivendas de locais comerciais ou outros actos similares, mesmo naquellos realizadas cun destino específico, comercial ou industrial, para que a utilización da cal sexa precisa ademais a correspondente licenza de apertura, sen a cal non se poderá iniciar o exercicio da correspondente actividade. A Licenza de primeira ocupación dos edificios residenciais estenderase ás instalacións de calefacción, garaxe e deportivas que formen parte inseparable das obras de nova planta, áinda cando tamén sexa precisa, se é o caso, a licenza de apertura da actividade.